



### CONCELLOS

#### CARBALLEDO

##### Anuncio

**Don Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, alcalde-presidente do Concello de Carballedo, fai saber:**

Que corresponde ao Pleno do concello elixir as persoas que serán nomeadas xuíz de paz, titular e substituto, deste municipio, conforme ao disposto nos artigos 101 e 102 da Lei orgánica do poder xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.

Que se abre un prazo de quince días hábiles para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais o soliciten mediante un escrito dirixido a esta Alcaldía.

As solicitudes deberán conter:

- Certificado de nacemento ou fotocopia compulsada do DNI.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e Declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2.1 a) da lei 68/80, relativo a "se se atopa inculcado ou procesado".
- Xustificación de méritos que alegue o solicitante.

Que na Secretaría deste concello pode examinarse o expediente e demandar a información que se precise.

Que, no caso de non se presentar solicitudes, o Pleno do concello elixirá libremente e logo comunicarlle o acordo ao xulgado de primeira instancia do partido.

Publícase isto para coñecemento xeral.

Carballedo, 28 de marzo de 2019.- O Alcalde-presidente, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1005

### A FONSAGRADA

##### Anuncio

#### APROBACION DEFINITIVA ORZAMENTO 2019

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2019, e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, Bases de Execución, cadro de Persoal funcionario e laboral, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase o resumo do mesmo por capítulos :

#### ESTADO DE GASTOS

##### A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

##### A.1. OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO 1: GASTOS DE PERSOAL	975.872,59 €
CAPÍTULO 2: GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	2.150.766,16 €
CAPÍTULO 3: GASTOS FINANCIEROS	14.060,16 €
CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES	159.642,77 €
CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINGENCIA	8.000,00 €

##### A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS	246.681,11 €
---------------------------------	--------------

**B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS**

CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCIEROS	44.948,88 €
TOTAL:	3.599.972,49 €

**ESTADO DE INGRESOS****A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS****A.1. OPERACIÓNS CORRENTES**

CAPÍTULO 1: Impostas Directos	797.728,71 €
CAPÍTULO 2: Impostas Indirectos	40.000,00 €
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	597.600,87 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	1.970.481,12 €
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	

**A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL** 500,00 €

CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	194.155,65 €

**B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS CAPÍTULO**

8: Activos Financeiros

CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros

TOTAL: 3.600.466,35 €

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensiva de todos os postas de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**CADRO DE PERSOAL.**

De acordo co establecido no art. 126 do R.D.786/86 de 18 de abril, preséntase á súa aprobación o cadro de persoal para 2019, que corresponde ós principios anunciados no art. 90.1 da Lei 7/85 de 2 de abril, sendo estes os de racionalidade económica e financeira.

**ANEXO DE PERSOAL****1.- PERSOAL FUNCIONARIO**

PRAZA	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	TRIENIOS	CD	CE	GRATIF	TOTAL
SECRETARIO INTERVENTOR	15577,66		10374,56	19112,80		45065,02
ADMINISTRATIVO (praza vacante)	10491,24	4900,48	7575,68	8154,86		31122,26
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (Interino)	8892,54	1333,42	5532,52	6654,06		22412,54
ADMINISTRATIVO TESOURARÍA	10491,24	3548,56	7575,68	9089,36		30704,84
POLICÍA LOCAL (praza vacante)	10491,24	3544,32	5866,28	7928,48		27830,32
POLICÍA LOCAL	10491,24	3662,08	5866,28	7928,48	1000	28948,08

**2.- PERSOAL LABORAL FIXO A TEMPO PARCIAL**

POSTO DE TRABALLO	SALARIO/ANO
ARQUITECTO TÉCNICO	29224,44

**3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL TEMPO COMPLETO**

POSTO DE TRABALLO	SALARIO/ANO	Nº MESES 2019	SUBV.
MONITOR SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO (Praza vacante)	16730,16	12 MESES	NON

**4.- OUTRO PERSONAL A TEMPO COMPLETO**

POSTO DE TRABALLO	SALARIO/ANO	Nº MESES 2019	SUBV.
TRABALLADORA SOCIAL	29385,24	12 MESES	SI
TRABALLADOR SOCIAL	25840,68	12 MESES	SI
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	27782,88	12 MESES	SI
TÉCNICO AMBIENTAL	28726,68	12 MESES	NON
BIBLIOTECARIA	16462,56	12 MESES	NON
MONITOR DEPORTIVO	17991,36	12 MESES	NON
AUXILIAR ADMVO. SERVIZOS SOCIAIS	14775,24	12 MESES	NON
ENCARGADA POLIDEPROTIVO	18603,80	12 MESES	NON
ENCARGADO DE OBRAS	30085,88	12 MESES	NON
PALISTA	26826,20	12 MESES	NON
TRACTORISTA	23307,28	12 MESES	NON
OFICIAL DE PRIMEIRA (PARQUES E XARDÍNS)	17772,48	12 MESES	NON
OFICIAL DE PRIMEIRA (SERVIZO DE AUGAS)	23452,56	12 MESES	NON
OFICIAL DE SEGUNDA (SERVIZO DE AUGAS)	16697,04	12 MESES	NON
CONDUTOR	19901,28	12 MESES	NON
CONDUTOR	19615,12	12 MESES	NON
PEÓN (OBRAS)	19833,82	12 MESES	NON
PEÓN (OBRAS)	19475,93	12 MESES	NON
PEÓN (OBRAS)	19146,70	12 MESES	NON
PEÓN (OBRAS)	17204,96	12 MESES	NON
PEÓN (OBRAS)	17204,96	12 MESES	NON

Sen prexuízo da previsión orzamentaria das subvencións procedentes da Consellería de Traballo e Benestar Social dentro do programa de cooperación e outros, así como das procedentes da Deputación Provincial de Lugo.

**PLANTILLA DE PERSOAL.****a) FUNCIONARIOS.**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL	SITUACIÓN
Habilitación de carácter estatal. Secretario Interventor	1	A1/A2	26	INTERINIDADE
Escala Admon. Xeral Subescala Admva. Admvo. Xefe de sección	1	C1	22	VACANTE
Admvo. Tesouraría Subescala Auxiliar	1	C1	22	PROPIEDAD
Auxiliar Admvo.	1	C2	17	VACANTE CUBERTA POR INTERINO
Admon. Especial Servizos Especiais Policía Local	2	C1	18	PROPIEDAD/VACANTE

**b) PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS
Monitora Socio Cultural e turística	1 vacante

**c) PERSOAL LABORAL FIXO, A XORNADA PARCIAL**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS
Monitora Socio Cultural e turística	1

**d) OUTRO PERSOAL, A XORNADA COMPLETA.**

DENOMINACIÓN	Nº Postos
Traballador Social	2
Técnico medioambiental	1
Axente de emprego e desenvolvemento local	1
Auxiliar Admvo. Servizos Sociais	1
Bibliotecario	1
Monitor Deportivo	1
Encargado de Obras	1
Oficial de primeira (servizo augas)	1
Oficial de segunda (servizo augas)	1
Oficial primeira (Parques e Xardíns)	1

Conductor	2
Peón obras	5
Palista	1
Tractorista	1
Encargado Polideportivo	1

A Plantilla de persoal laboral temporal, poderá aumentarse cunha subvención que este concello poida recibir da Comunidade Autónoma, ou doutros Organismos para financiar a contratación de persoal de obras e servizos determinados.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas da devandita Xurisdición.

A Fonsagrada, 2 de abril de 2019.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1006

## LOURENZÁ

*Anuncio*

### APROBACIÓN INICIAL

Aprobada inicialmente a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO PUNTO ATENCIÓN INFANCIA "MENIÑOS" de LOURENZÁ, por acordo do Pleno de data 02/04/2019, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte da súa publicación mediante anuncio en o *Boletín Oficial da Provincia*, nun dos medios de comunicación escrita diaria e no taboleiro de anuncios da Corporación, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas .

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, o texto da modificación da Ordenanza municipal estará a disposición dos interesados no portal web do Concello [ <http://www.concellodelourenza.gal/es>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de modificación do mencionada Regulamento.

Lourenzá, 5 de abril do 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Rocío López García.

R. 1022

## LUGO

*Anuncio*

Faise saber que o abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitíranse todos os recibos do contribuínte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 22 de abril e ata o 20 de xuño do ano 2019, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó primeiro trimestre de 2019

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 06 de maio de 2019

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais,

sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 22 de xullo de 2019, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 02 de abril de 2019.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 1007

## MONDOÑEDO

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Pleno desta corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de novembro de 2017, aprobou xuntamente co orzamento municipal, o Persoal e a Relación de Postos de Traballo deste concello para o ano 2018, sendo publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 288, de data 18 de decembro de 2017.

Visto que no citado Persoal e correspondente Relación de Postos de Traballo figuran vacantes e dotadas presupuestariamente diversas prazas, cuxa cobertura considérase necesaria no presente exercicio para o bo funcionamento do servizos municipais.

Por Resolución da Alcaldía núm. 58/2018, de 8 de marzo de 2018, aprobouse a oferta de emprego público para o ano 2018, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 64, do 19 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local na sesión do 16 de abril de 2018, acordou convocar e aprobar as bases do procedemento extraordinario de integración no corpo da Policía Local do Auxiliar que presta servizos neste concello, en execución do previsto na disposición adicional segunda da Lei 4/2007, do 20 de Abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia, modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, mediante o sistema de Concurso Oposición (BOP núm. 93 do 24 de abril de 2018):

FUNCIONARIOS						
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	GRUPO	ACCESO
1	Policía Local	Administración Especial	Servizos Especiais	Policía Local	C1	Concurso-Oposición

Publicouse un extracto desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 115, do 18 de xuño de 2018 e posteriormente, no Boletín Oficial do Estado núm. 149, do 20 de xuño de 2018, publicouse a Resolución do 29 de maio de 2018, referente á convocatoria para proveer a devandita praza.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 21 de xuño ata o 10 de xullo de 2018 (ambos inclusive).

Logo de ver a lista provisional de admitidos e excluídos deste proceso selectivo aprobada por Resolución da Alcaldía do 8 de agosto de 2018, publicada no BOP núm. 193, do 23 de agosto de 2018, así como a lista definitiva de admitidos e excluídos de data 20 de setembro de 2018.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos e excluídos deste proceso selectivo aprobado por Resolución da Alcaldía do 20 de setembro de 2018, publicada no BOP núm. 222 do 26 de setembro de 2018.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 28 de setembro de 2018, na que se reflicte que o candidato MANUEL BARRO DÍAZ con DNI 33 342 570 E superou o primeiro exercicio da fase de oposición.

Unha vez vista a acta do tribunal das probas físicas do 30 de outubro de 2018, na que se reflicte que o candidato MANUEL BARRO DÍAZ con DNI 33 342 570 E superou as probas físicas sinaladas na base 9.3 da

convocatoria coa calificación de APTO.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo na que se reflicte que os días 27 e 29 de novembro se levaron a cabo as probas psicotécnicas, coa colaboración do equipo dirixido pola Dra. D<sup>a</sup> Almudena Gómez Pulido con DNI 44 807 161 X, profesora de Universidade, Neuropsicóloga e colexiada núm. 15833, que entregou os resultados aos membros do tribunal o día 13 de decembro de 2018, no que se fai constar que o candidato MANUEL BARRO DÍAZ con DNI 33 342 570 E, superou as devanditas probas psicotécnicas coa calificación de APTO.

Visto que se presentou no rexistro de entrada municipal o 18 de febreiro de 2019 o resultado do recoñecemento médico realizado na Delegación de Burela de Quirón prevención, co resultado de APTO, para o citado candidato.

Logo de ver que este concello o 13 de marzo de 2019 presentou ante a Academia Galega de Seguridade da Xunta de Galicia, solicitude para a participación do citado candidato no curso de Policías Locais de Galicia que convoca esta entidade ao abeiro da Resolución do 25 de febreiro de 2019, pola que se convoca un curso selectivo para o acceso á escala básica, categoría de Policía Local, dos corpos da Policía Local de Galicia, publicada no DOG núm. 48, do 8 de marzo de 2019.

Visto o escrito da Academia Galega de Seguridade Pública de data 29 de marzo de 2019, no que, se acepta a petición deste concello e polo tanto, reservase praza para o día 22 de abril de 2019.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Declarar finalizado o proceso selectivo extraordinario de integración de auxiliar de policía local, así como declarar seleccionado neste proceso por ser a maior puntuación, para cubrir unha praza de funcionario, polo de agora en prácticas, polo tanto, Policía Local en Prácticas, deste Concello a **D. Manuel Barro Díaz con DNI núm. 33 342 570 E** con data de efectos do 22 de abril de 2019.

**Segundo.-** Nomear funcionario en prácticas, para a realización do oportuno curso na Academia Galega de Seguridade Pública, da escala Administración Especial, subescala Servizos Especiais, Policía Local en Prácticas do Concello de Mondoñedo, **D. Manuel Barro Díaz con DNI núm. 33 342 570 E** con data de efectos do 22 de abril de 2019.

**Terceiro.-** Notificar a presente ao interesado, publícala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina a Alcaldesa-Presidenta.

Mondoñedo, 4 de abril de 2019.- A alcaldesa-presidenta, María Elena Candia López .- A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 1023

### **MONFORTE DE LEMOS**

#### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, expóñense ao público no Concello de Monforte de Lemos, as matrículas do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2019 dende o 15.04.2019 ao 30.04.2019.

Contra os actos administrativos de inclusión, exclusión ou alteración de datos censais cabe interpoñer no prazo dun mes a contar dende o inmediato seguinte ao termo da exposición da matrícula, recurso de reposición ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou reclamación económico administrativo ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional

Monforte de Lemos, 8 de abril de 2019.- O alcalde - presidente, José Tomé Roca

R. 1040

### **MONTERROSO**

#### *Anuncio*

**O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria realizada o día 01 de abril de 2019 adoptou o acordó seguinte:**

“ ACORDO RELATIVO Ó RÉXIME RETRIBUTIVO DA SITUACION DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL Ó SERVICIO DO CONCELLO DE MONTERROSO”.

**Primeiro.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral**, ao servizo do Concello de Monterroso con dereito a percibir prestacións por incapacidade temporal da seguridade social, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal,

**Segundo.- Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral**, ao servizo do Concello de Monterroso con dereito a percibir prestacións por incapacidade temporal da seguridade social, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a existencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.

**Terceiro.-** Publicar no «Boletín Oficial da Provincia de Lugo» e terá efectos desde o día seguinte da súa publicación.”

Monterroso, 05 de abril de 2019.- O Alcalde-Presidente, Miguel Rico Gómez.

R. 1024

## OUROL

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día un de abril de dous mil dezanove, aprobou as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a adquisición de equipamento e realización de instalacións individuais de sistemas de televisión vía satélite SAT-TDT, nos fogares de Oourol, que literalmente son as que seguen:

#### **“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E REALIZACIÓN DE INSTALACIÓN INDIVIDUAIS DE SISTEMAS DE TELEVISIÓN VÍA SATÉLITE SAT-TDT, NOS FOGARES DE OUROL**

##### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións, para a instalación de receptores vía satélite (SAT-TDT), naquelas vivendas do termo municipal de Oourol, que non poidan captar o sinal da TDT por vía terrestre ou este sexa deficiente e facilitar, deste xeito, a súa captación a través do sistema de difusión satélite. Queda excluído do obxecto desta convocatoria, calquera outro tipo de acceso á TDT, distinto do sinalado.

##### **2.- BENEFICIARIOS.**

Para obter a condición de beneficiario os solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Estar empadroado no Concello de Oourol na vivenda onde se vaia facer a instalación, **antes do 01/10/2018**, e que esta sexa a vivenda habitual, na que se dea a condición de que non poidan captar o sinal da TDT por vía terrestre ou esta sexa deficiente, sendo a instalación do devandito receptor a única posibilidade.
- c) Aportar un informe técnico realizado por un distribuidor autorizado, onde se acredite que no domicilio (vivenda habitual) non se recibe o sinal da TDT, ou este sexa deficiente e no que a instalación do devandito receptor é a única posibilidade. **(ANEXO)**
- d) Os requisitos xerais que establece o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

##### **3.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.**

Considéranse gastos subvencionables o custo do receptor TDT-SAT e os gastos derivados da súa instalación, máis a sintonización das canles no dispositivo instalado, (IVE incluído), ata un máximo de **CATROCENTOS euros (400,00 €)**, por domicilio, e que cumpra as seguintes condicións:

- a) Os gastos subvencionados, deben realizarse antes do **14/05/2019**.
- b) As instalacións deben ser efectuadas por unha persoa física ou xurídica, que teña a condición de distribuidor autorizado, inscrito no rexistro de instaladores ([www.satttdt.es](http://www.satttdt.es)).
- c) Soamente será subvencionada unha instalación por fogar.
- d) A contía da subvención, para cada actuación, será a totalidade dos gastos subvencionados, cun límite máximo de 400,00 euros (CATROCENTOS EUROS).

##### **4.- CONTÍA, LIMITE E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIONS.**

- a) En ningún caso o importe da subvención, pode superar o importe do custo do receptor, da instalación que se efectúen, e da sintonización das canles no dispositivo instalado.



b) Esta subvención é incompatible con outras axudas, ingresos ou recursos que se outorguen para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou entes públicos, privados ou de particulares, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

c) Soamente será subvencionada unha instalación por fogar, de tal maneira que se rexeitarán, todas aquelas solicitudes que xa tiveran percibido ou solicitado, calquera outro tipo de subvención pública ou privada para o mesmo fogar.

d) Non poderán ser beneficiarios da subvención, aqueles propietarios que xa o teñan sido en convocatorias anteriores, tanto desta Administración como doutras, polo mesmo concepto e, para a mesma vivenda, polo que as vivendas nas que xa fora subvencionada a instalación do receptor por vía satélite de TDT (SAT-TDT), en anteriores convocatorias, non poderán ser beneficiarias dunha nova instalación autorizada.

e) Que no enderezo, no que se vaia a realizar a instalación para a que se solicita a subvención e, con anterioridade a data da instalación, non existira outro equipamento para a recepción de TDT vía satélite SAT-TDT.

f) Non poderán obter a condición de beneficiario desta axudas, os que incorran, en algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

##### 5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 14/05/2019, inclusive, e poderanse presentar a partires do día seguinte ao da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As solicitudes presentaranse no modelo de solicitude das bases, xunto coa documentación establecida na mesma, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, acompañadas da seguinte documentación:

1º.- Fotocopia compulsada do DNI, do solicitante da subvención.

2º.- Certificado de titularidade da conta bancaria, na que se realizarán os pagamentos.

3º.- Declaración xurada de non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin, nin de ter solicitado, concedido ou pendente de resolución ningún outro tipo de axuda xa convocada, ou que se poida convocar por outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo fin.

4º.- Declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións ou nas causas de incompatibilidade para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5º.- Declaración responsable de non ser debedor á Facenda local, estatal autonómica, nin á Seguridade Social. O concello resérvase a posibilidade de facer as pertinentes comprobacións.

6º.- Informe técnico realizado por un distribuidor autorizado onde se acredite que no domicilio (vivenda habitual) non se recibe o sinal da TDT ou este é deficiente, sendo a instalación do devandito receptor a única posibilidade de sinal. (ANEXO DAS BASES).

7º.- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos con eficacia probatoria no tráfico mercantil relacionadas coas actividades subvencionadas, emitidas por distribuidor autorizado. As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. Na devandita factura deberá figurar a marca, modelo e número de serie, do receptor satélite instalado.

Non se admitirán facturas con erros ou "tachaduras" ou das que se poida presumir que foron manipuladas manualmente.

8º.- Xustificante bancario do pagamento realizado polo beneficiario, (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso efectivo por portillo ou certificación bancaria), na que conste a data e o importe da operación, a identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir co beneficiario da axuda, e a identificación da persoa, empresa ou entidade que recibe o pagamento, e o concepto de xeito tal que permita concluír, que se trata do pagamento pola compra realizada, e instalación realizada.

Para estes efectos, os xustificantes bancarios, emitidos de forma automática por pagamentos realizados con tarxeta bancaria, no establecemento colaborador onde se faga a compra poderán ser válidos. Recoméndase, non obstante, que nos pagamentos realizados por transferencia ou nos ingresos en efectivo, se consigne no concepto o número de factura.

Cando o xustificante de pagamento, poña de manifesto que o pagamento se realizou por unha persoa diferente ao beneficiario, que figura na solicitude, debe figurar sen lugar a dúbidas no mesmo documento, que o devandito pagamento realizase por orde do beneficiario, ou xuntar certificación da entidade financeira que así o acredite.

No caso de que o pagamento se faga por transferencia, e exista máis dun titular da conta, e non figure o nome do beneficiario no xustificante de pagamento, deberá aportarse certificación da entidade financeira que así o acredite.

No caso da banca electrónica, deberá vir selado pola entidade financeira, ou dispoñer dun código para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade financeira.

9º.- Declaración do beneficiario da subvención de que se realizaron os fins, para os que foi concedida a subvención, e que as facturas e/ou documentos que se presentan como xustificación, foron aplicados ás actividades subvencionadas.

10º.- Certificación de empadramento e convivencia.

11º.- Anexo das bases.

12º.- Modelo de solicitude das bases de convocatoria, xunto coa documentación establecida na mesma.

#### **6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.**

As presentes axudas abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria 459.480 do vixente orzamento do Concello de Oural para o ano 2019.

#### **7º.- PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O estudo e valoración das solicitudes, realizarase pola Comisión de Valoración, integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Funcionario/a do concello.

- Vogais: Funcionario/a do concello.

-Funcionario/a do concello.

- Secretario: O da Corporación.

O procedemento de estudo e valoración axustarase ás seguintes tarefas:

Comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixibles. No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos, requirirase ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos esixidos, con indicación de que, de non facelo así, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e de conformidade co establecido no artigo 68 da devandita lei. Nos supostos de requisitos insubsanables, proporase a súa inadmisibilidade.

Á vista das solicitudes presentadas e admitidas, procederase á determinación dos beneficiarios, e determinarase a cantidade a percibir por cada un deles, que en ningún caso poderá superar o custo do aparato receptor de SAT-TDT, a súa instalación e sintonización, contía máxima CATROCENTOS euros, (400,00 €),e que deberá estar debidamente acreditado.

Non se admiten pagamentos anticipados.

**Se a demanda das axudas fora superior ao crédito dispoñible, darase prioridade ás solicitudes por rigoroso orde de entrada no Rexistro Xeral do concello**

#### **8º.- RESOLUCIÓN.**

O órgano municipal, competente para resolver sobre a concesión ou a denegación da axuda, será a Xunta de Goberno Local, sendo vinculante para estes efectos a proposta de resolución emitida pola Comisión de Valoración.

A resolución definitiva, conterá a relación de solicitantes que resulten beneficiarios da axuda, así como as contías. Esta resolución notificarase aos beneficiarios.

#### **9º.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

Dada a especificidade desta convocatoria, enténdese que a xustificación cúmprese coa presentación da documentación, prevista na base quinta e a xustificación documental dos gastos efectuados.

O aboamento da subvención, realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria, na conta sinalada polo beneficiario.

O Concello, poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos, coa finalidade de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos, para a percepción da axuda.

#### **10.- ACEPTACIÓN POLOS BENEFICIARIOS.**

A subvención entenderase aceptada polo solicitante, se no prazo de 5 días naturais, dende a notificación da concesión, non manifestase expresamente o seu rexeitamento.

Todos os beneficiarios quedan sometidos as actuacións, de comprobación que poida efectuar o Concello de Oural, incluso posterior a percepción das axudas concedidas.

**11.- REINTEGRO DAS SUBVENCIONS E RÉXIME SANCIONADOR.**

Os beneficiarios/as deberán cumprir, as obrigacións recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei de Subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as contidas nestas bases, sendo de aplicación, en caso de incumprimento, o réxime sancionador establecido no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, y no establecido nos Títulos IV y V da Lei 5/2008, de 25 de setembro.

O réxime de infraccións e sancións administrativas aplicadas será o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, de Subvencións, en la Lei de Subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Procederá o reintegro das axudas nos seguintes supostos:

- \* Variación das circunstancias, que motivaron a concesión da axuda.
- \* Demais supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa local.
- \* O previsto nas Bases de execución, do Orzamento de Ourol para o ano 2019.

O concello de Ourol resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control, se consideren oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos, e os beneficiarios someteranse ás actuacións de control que realice o concello de Ourol, para o seguimento dos proxectos aprobados, e as de control financeiro, que correspondan á Intervención Xeral do concello de Ourol.

Se no curso destas verificacións, se detectase que os beneficiarios da subvención incumpriron algunha das condicións establecidas nas bases, que rexen esta subvención, implicará a perda dos beneficios e, de ser o caso, decretarase a obriga de reintegrarlle ao concello de Ourol, as cantidades obtidas indebidamente cos xuros legais que correspondan, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

**12.- PUBLICACIÓN.**

Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web e demais medios de difusión pública do Concello.

**13º.- RÉXIME XURÍDICO.**

A concesión destas axudas axustarase ás normas contidas nesta convocatoria, á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como á normativa de réxime local que lle puidese afectar.

Ourol, vinte e oito de marzo de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

Dilixencia, esténdoa eu, Secretaria do concello de Ourol, para facer constar que as presentes bases compostas de 6 follas numeradas, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, celebrada o día 1 de abril de dous mil dezanove.

Ourol, 1 de abril de 2019.- A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal.

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO E REALIZACIÓN DE INSTALACIÓNS INDIVIDUAIS DE SISTEMAS DE TELEVISIÓN VÍA SATÉLITE SAT-TDT EN OUROL**

**1. DATOS DO INTERESADO E DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.**

DNI:	
Nome:	
Primeiro Apelido:	
Segundo Apelido:	
Provincia:	
Municipio / Localidade:	
Código Postal:	
Enderezo:	
Teléfono fixo:	
Móbil:	
Enderezo electrónico (en maiúsculas):	

**2. DATOS BANCARIOS PARA O INGRESO DA SUBVENCIÓN.**

IBAN:	Entidade:	Sucursal:	D.C.:	Nº de conta:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
(4 díxitos)	(4 díxitos)	(4 díxitos)	(2 díxitos)	(10 díxitos)

**3. ENDEREZO DA INSTALACIÓN DO SISTEMA INDIVIDUAL DE TELEVISIÓN VÍA SATÉLITE SAT-TDT.**

Enderezo:	
Localidade:	
Municipio:	
Código Postal:	
Provincia:	

**4. RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN (Sinale o que proceda no recadro correspondente)**

\_\_Copia compulsada do DNI.

\_\_Copia compulsada da factura emitida, en relación coa adquisición do equipamento e a realización da instalación obxecto da subvención. A factura que se presente, como xustificación da subvención, deberá cumprir os requisitos do RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

\_\_Copia compulsada, dos correspondentes documentos, acreditativos do pago da factura.

\_\_Certificado de medidas de cobertura terrestre, firmado por un técnico competente autorizado para a realización de instalacións de sistemas de televisión vía satélite SAT-TDT, que acredite carencias na cobertura terrestre, de acordo ao modelo de Anexo da Orde de convocatoria.

\_\_Certificado código conta cliente da entidade bancaria.

\_\_Certificado de empadramento e convivencia do solicitante, no enderezo para o que se solicita a subvención, onde ten que figurar tamén a data de alta nese enderezo.

\_\_Documentación adicional: (a completar no seu caso):

O solicitante, DECLARA BAIXO XURAMENTO, responsablemente:

- a) Que son certos os datos consignados na solicitude, e que cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras.
- b) Que no enderezo no que se realizou a instalación é a súa vivenda habitual, non existindo con anterioridade a data de dita instalación, outro equipamento para a recepción de TDT vía satélite SAT-TDT.
- c) Que non mantén débedas ou sancións de natureza tributaria en período executivo coa facenda da Comunidade de Galicia, Concello, Seguridade Social e Estado Español.
- d) Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias, e fronte a Seguridade Social.
- e) Que non é beneficiario doutras axudas, ingresos ou recursos que se outorguen para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública ou entes públicos, privados ou de particulares, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Que non incorre nalguna das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
